

\* Para o XXXIII Certame de Poesía Concello de Vilalba.

## CODIAS CANDA MIN

Lema: Dares e Ceres

U<sup>o</sup> → U<sup>o</sup> Jorretti Barria Casanova  
Poesía  
2007

Copia nº: 3

1.-

Irmás miguiñas, vellas, cánto frío,  
qué pouco territorio para tanta lareca,  
para invocar a multiplicación dos peixes  
cando non quedou pan de dividilo.  
Irmás miguiñas, sei que a esencia nosa  
é amolecernos quedas e rareadas,  
sen vodas de Cañá que poñan mollo  
ao non quedar tinallas nin milagres.  
Cántas soidades, cómo nos confunden  
con pedregullos, vidas ou cabichas,  
inútiles nas mans igual co vento  
que un días vos levou entre a fartura.  
Mais non somos eirugas coa ansia  
dalgunha persoal metamorfose,  
nin folerpas, nin pústulas, nin illas  
onde runfe o balor coma un andazo.  
Irmás miguiñas, esta torta triste  
ten ben de certo cánto está de sobra,  
irmás, e cánto doe a antiga fame  
sen resposta de pan cando caemos  
vasoiradas o mesmo ca unhas almas.

2.-

Ti non serás a bola  
que garde algunha lima para ceibarme.  
Tampouco ese prestar do esquecemento  
onde ignorar é sempre a mellor vida.  
Non vas deixar a miga onde habitarse  
a verme acugulada que aquí fala,  
que mide como minte, ben seguro  
que se a pensión non vai chegar a nada,  
a paixón xa cucou ben extinguida.  
O teu é mougar de oído, simplemente.  
Porque ti non es soamente unha rebanda propia  
es o lugar do exilio onde adoezo.

3.-

Saberás da semente no seu tempo,  
do esterco e da grade, dunha seca  
que puido deixar todo en millarada.  
Despois o grao, o dente e a moenda  
co farelo pousón cara a outra morte.  
Saberás da fariña cando cadre,  
desa escaseza ampla e desmedida  
como a súa vontade de ser nube  
ou doce nevarada que palillan  
nas teas as arañas ben mantidas.  
Mesmo verás a masa, latexante  
nesa humidade tenra e primitiva  
que o lévedo enganou na súa fachenda.  
Has mirar engulido polo forno  
ese contorno que tentou ser bola.  
A súa forma preñada e florecente  
será o que che quede cando acabe.  
Non vas chegar ao pan. Non será dado.  
Cando todo aconteza, as rebandas  
virán. Non no verás, desconvidada  
saberás que non es. Xa lista a mesa,  
han poñer na túa boca, no seu papo,  
que igual de estar alí, nin che gustaba.

4.-

A miga minusválida,  
gardada entre burbullas  
confinouse de corpo no limbo dunha bola.  
Nada como unha miga para saber de cárceres.  
A bóveda da codia ten fráxil, faturenta, arquitectura.  
Nada para saber de impactos  
como unha codia dada a ver o mundo.  
Cómo non vou ter melancolía diante destas rebandas,  
anacos coma min, e coma min comestos  
na embestida húmida das bocas,  
migallas de palabras confinadas  
que escoitan e que calan  
sabedoras de que, ao fin, este silencio  
é a merenda última do día.

5.-

Ocúpome da codia, ordinaria,  
onde a penas me entendo e me replico,  
e renxe o meu dicir, e non me explico  
nin no mollo da graxa innecesaria.

Robinsona na illa Barataria,  
no meu balor me inicio e me intoxico,  
rebándome, salouco, santifico  
a miga primordial, deficitaria.

Son propiedade así, antes que nada  
das rebandas serodias, ben seguras  
na súa costra pulida, reservada,  
e adoito somerxerme nas fonduras  
sorpresa na miga rebentada  
coma un foguete negro nas alturas.

6.-

O lume non ten frío,  
a auga non ten sede,  
e o pan non di ter fame.

A codia nunca greta  
a miga sempre pecha  
á vida: só migalla.

Soamente,  
soterrada,  
migalleira.

Migalla  
da migalla  
da m

i

g

g

a

a

a

l

l

l

l

l

l

a

a

a

a

a

7.-

Máis alá desta codia que ofende e desorienta,  
fugareime do inverno ata o meu propio xeo,  
cara ao mesto balor que a humidade caetra  
na podremia segura dun pan non consumido.

A muiñada antiga de farelo cativo  
salferiu este tempo na súa cunca de noxo.

Miga anil, destemida, de masa improcedente  
que adoece en rebandas coma os ósos na chuvia,  
e codias na memoria, coma espadas afoutas,  
cando o xaneiro acude amolecendo a vida.



8.-

Co coitelo do pan, igual un día  
asasino ao do quinto; é a forma  
de que os veciños digan o educada  
que parecía eu ata ese feito.  
Nesa mañá terei a codia en armas,  
fariña de acuarela forneada,  
bocado ao corazón, lévedo á vea  
nun infindo de tebras como migas.  
Erguerán o seu voo cara a outra cinza  
as pegas que acarrexan no peteiro  
migallas das ruínas desta aldea.  
Eu laparei, soidosa, outra rebanda  
e probarei o gume nalgún xeo.  
Logo, verei o sangue pola tele  
coma a prebe ritual dos aldraxados.  
Só hai paz na inocencia. Só alimenta  
a miga que non foi, a codia pura.

9.-

Pasou noutra ocasión, sempre acontece  
que se repite, que te das lembrado  
cando ves que outra vez outra fornada  
pasa sen achegar nin as migallas.  
Todo sería igual sen o desastre  
de non poder optar a algunha codia.  
Ninguén furou na bola. O previsto  
debía ser cambiar, mais seguíamos  
a bater no aguillón que nos chuzaba,  
Sabíamos que volver cara a outra fame  
era peor que seren chamuscadas,  
Debíamos vivir –era o preciso–  
mais xaxuamos –ninguén tivo a culpa–.  
Seguíamos piando polo pan,  
a ninguén estrañou logo a desfeita.

10.-

Polo tempo da borra, a vida era  
de cervexa quecida e desleixada,  
e o mollo cereal, lixo seguro  
na mesta floración balorecida.  
Refugallo civil, o corpo afeito  
á perda, a rendición, á desbandada,  
á nada poeirenta que acubilla  
un fol de podrecer nese bandullo  
onde o ferún é rei en canto estraga  
os seus restos lambidos polo aire.  
Nada fede; son eu, materia en transo,  
descomposta, metáfora, asistida  
pola codia do folgo que me foxe  
precariedade o ser, ¿morta?, ¡calada!.

11.-

Chámanme cadela e berran cando cadra,  
pero deixan caer folerpas de boa miga  
como un maná miúdo e sempre ben cativo.  
Polo menos non ladro,  
amolezo no sono como rillo na codia;  
é o meu máster en resurrección.  
Cadela de palleiro no recuncho,  
calado celacanto revivido,  
aguzo o meu fociño a espreita do milagre,  
e caio co sono mesmo cando mastigo  
coma unha besta cansa e avellada.  
Caio co sono e soño coa caída que non era.  
É moi recomendable durmir nos funerais,  
sobre todo se unha é o cadáver.

12.-

Ben te coñezo codia, non es miña  
como non é este caldo que fervella  
desandado do sangue na chavella  
desde acorado corpo cando aniña.

Ben sei da túa gadoupa e a túa espiña  
cando se chuza en min rexa e cernella  
onde máis doe, onde máis semella  
lúa minguante, vella socialíña.

Ben sei eu que a túa miga sen resposta  
en desamores novos, sementada,  
é nesta escuridade o que proclamo.  
E sei que xa gañaches outra aposta  
ilesa de paixón na soterrada  
codia de arrepiar onde desamo.

13.-

O lévedo ha ser xusto,  
a fariña precisa, integral se volvemos ao farelo;  
a auga, limpa; o sal, exacto.  
Na república morna da cocíña,  
as mans agarimosas  
comporán arte sa na húmida masa  
que modela secante algunha vida  
disposta ao enfnado no seu tempo.  
Falamos de amasar, naturalmente.  
Tamén poderíamos falar e amar,  
mais debemos manernos no escudo cereal da torta;  
mesmo abolida, acaso propia;  
sempre é mellor amolecer que amar,  
que a ninguén lle interesa  
condenarse ao carbón sen máis compango.

14.-

Como as patas dos paxaros pola neve  
ou a xerfa que se vai despuntillada,  
os dedos dos cativos na fariña  
compoñían volumes case increíbles.  
Non palillaban. Non facían encaixe  
co branco que precede ao bo pan trigo.  
Simplesmente estarricaban masa  
en cilindros máis finos ca un bo lapis.  
Era a súa primeira sinatura  
dominando a chaira da empanada.

15.-

Restáurame este forno, inaugura  
a bendición da miga, fai presente  
ese anxo de espigas que alimente  
os pasos desta débil estrutura.

Sé provisión que enche e asegura  
este fío de voz convalecente,  
este ocaso de codia disidente  
que xa non ten nin xenio nin figura.

E procúrame a masa nesta espera,  
tan mornamente as bágoas e o coitelo  
de preferir o pan como non era.  
Caio de novo, torno ao meu farelo  
de muiñeira que agarda e desespera  
na manancial urxencia deste relo.



16.-

Fóra do revoltallo, todo era principio:  
caldo mesto, cucado de se entregar ao tempo,  
confeso comodín irrecargable,  
conta de refugallos, contrafío e cambra  
polo cute do infindo,  
onde as feridas non cobizaban cura.  
Fóra do consumado, todo era cataclismo,  
conto de non contar a carón dese lume,  
calor de conxugar no cráter doutra copa,  
coro de calafríos confidentes,  
caladoiro de sombras caletreadas,  
costa costra,  
calibre dalgún corpo de canteira  
coma un milagre propio, incalculado.  
Fóra de si, criaba o labirinto  
entre o que non quixo e a súa vida.  
E unhas cóxegas núas  
entre ela e aquela contumaz inmensidade,  
alén do caos seu, esmigallado,  
onde as codias campaban como a nada.

17.-

Acáeme este pan redondo e duro,  
é o que vai quedando do que había,  
da codia que de nena me podía,  
da miga que amolezo no mesturo.

Acáenme as rebandas que inauguro  
compangadas en boa compañía,  
igual que noutro tempo me afacía  
a algún codelo, orfo, o máis seguro.

Acáeme un rillar ben preguiceiro  
repañando nas sobras polo prato  
ata anhear en trigo e en centeo.  
Mais, cargada de codias, non peteiro;  
acáeme cambiar, ben me decato  
de que sempre é máis tarde do que creo.

18.-

Hai rebandas que son conto calado,  
tumba sen nome, nai dada por morta  
na memoria doente, diplomada,  
de baduar trompadas coma triunfos.  
Hai migallas que son lendas apócrifas  
de canto, por non ser, ten o seu eido  
inventariado polo activo fixo  
onde o erro é señor de canto runfa.  
Nese escenario brevemente eterno,  
feto esganado, eutanasia lenta,  
non lle é preciso fol ao aire mesto;  
nin á auga sede, nin ao lume frío,  
nin ao forno as cinsas da afouteza.  
Máis falsía non hai, nin con máis sona,  
pero está ao comezo, é tan deles  
que aquel tempo perdido no sentido  
xa non proba no pan de estaren vivos,  
por sempre tristes fillos do farelo  
arredados do rodo e do rodicio.  
E así calaban ou contaban feitos  
que nin pasaron nin serían posibles,  
e asolagaban a materia certa  
porque nada lles doía coma iso.

Mais se alí xa non quedou paciencia  
foi só por abrazar o esquecemento  
na súa codia de fel balorecido,  
que se unha indiferencia é media morte,  
enteiramente alí ben que fedía  
ás migallas máis podres do silencio.

19.-

Codelo cada día, man que dá,  
queda man, queda codia, migallada,  
man que ten man, migalla forneada,  
man de min, man de si, manchea xa.  
Codelo cara á fame, man que creba,  
cotenadas de noxo nutritivo,  
lévedo de estourar graxento e vivo  
nas rebandas perdidas para a febra.  
Termo da bola, vou, busco nalgures  
o farelo integral do que non era;  
sen aditivos, gardo nesta espera  
rebandas sen resposta por ningures.

20.-

Foi un erro de vulto,  
ou un berro de bola  
de celofán blindado e mastrugueiro,  
de codia edulcorada e pavorosa,  
de miga salferida e borrachenta,  
pero enguliron todo canto había  
no bacelar de algunha antiga fame.  
Nesa bisbarra feita para o dente,  
para trocar améndoas por balas,  
non quedou por rillar cousa ningunha  
para que despois só lles pesase o mundo,  
enteiro noutro erro inmasticable,  
e, mestos, acougaron no enfnarn de sempre.  
Era o reino da nada,  
ou sexa, o Nadal.

21.-

A música amasou na súa cadencia:

*Allegro* na muiñada.

Adaxio panadeiro.

E ninguén alimenta,

e ningún á fartura das circunstancias.

Silenciado o compango,

non é que teña fame,

é que esqueceron achegarme a bola,

que pola Pascua nunca era dabondo,

e os Reis Magos nunca foron tan póstumos

como cando as migas foron un xoguete

e mesmo houbo que engadir a cinza.

O pan que o demo amasou, balorecido,

puido aganar de acordo co ventado.

A música calou. Ninguén padece.

A codia é o límite de toda protección,

e o final é o mesmo, tan sabido:

Dar pan,

pandar.

22.-

Unha impecable miga estarrecida  
no seu mollo de luz e de substancia,  
e a codia sen pompa e circunstancia  
de inapetente pedra relambida.

Unha migalla aquí, desasistida,  
e un grolo de carraxe escura e rancia,  
e a luz, acolá, pola abundancia  
que sementou a bola desmedida.

Neste acó, ben inzadas pola masa  
adiviño rebandas, regalías,  
fareladas de mestas teimosías  
que levedou o pranto cando arrasa  
e a fornada que queima e que fracasa  
no lentor cereal dos nosos días.

23.-

Nestas doces derribas acadamos  
a licencia de ruína onde cobrarmos.  
En tempos os poemas tiñan prezo  
e a miga era de balde cando había.  
Agora todo pan tende a ser puga  
coma un ourizo cacho amedoñado.  
Daquela sei dicir o que non quero  
ó preguntar decote pola vida.  
Fregar é o que hai. Termar da bola  
e apetuñar as codias de Caronte  
descalza pola última merenda.



24.-

A codia venche sendo canto amola:  
Mastrugada civil, inapetente  
a penas morneada, disoluta  
partitura dispersa, maltratada,  
enésima mestura, desacougo,  
enxurro de ferralla  
polución que maltrata impunemente,  
distancia escorrentada, ruín poeira  
pola que a vida viña canda min.  
A masa vai pasando sen colleitas;  
endereitada nunca, nin resolta,  
millonésima escada sen máis rego  
silenciando nas codias e nas mágoas  
que as migas ven pasar,  
cando nunca será,  
cando nunca outra vida  
clarexará onda si cando adoeza  
e as codias canda min amolan,  
amolecen só para que encorregue  
sen andar tan sequera.

25.-

Eu quero dicir pomba e digo pita,  
e poleiro, e mais pebre e mais poupanza;  
igual que por pincel, digo vasoira,  
e ladroízo certo por ganancia.  
Eu quero dicir copa e digo cunca,  
sen triscar no cristal e chouqueleala.  
Tamén en vez de xente digo xabre,  
e coiro polo ante e pola napa.  
Chamo muxir a recadar, de sempre;  
digo carqueixa en vez de sebe plástica;  
e así, por entremés eu digo taco,  
costrán por fita, moina por xerarca.  
Pola fariña triga, mal farelo;  
por bola morna, masa requeimada.  
Por codia boa, perpiaño afouto  
por miga gorda, codia esmigallada  
Por alumar de estrelas digo estrume,  
que se é de arume fai boa estrumada.  
Remodelar é fochicar, seguro;  
reordenar é retellar a nada.  
Quero berrar ¡axiña! e sae ¡nunca!  
Tento con tapadeira e digo ¡tralla!  
E así en vez de ¡adiante!, sae ¡chega!,  
por mañá, hoxe; por voto, borralla.  
Non é que me trabuque máis da conta,  
que esbardalle sen ver se atino a fala.  
Só sucede no lerio, seino certo  
que como deste pan; e non me apraza.

26.-

A esta altura da morte,  
a esta baixura das circunstancias,  
tan entregada como insumisa,  
tan disposta ao esquecemento,  
nunca sei que facer con tanta nada.  
Breve e queda na fala  
como ampla nos fiordos desta fronte,  
volvo á ollada lenta das insomnes  
como a man ao rostro ao que golpea.  
Os coitelos de agora, respirados,  
procuran cortes suxos de amor inmerecido.  
Os mortos dan en coidar da artesa  
de barolo final, dilapidado,  
e a nós neste presente nin nos toca  
entre a nada a e mais eles, unha proba.

27.-

Este esvarar da codia pola masa,  
máis que biopsia precisa auditoría  
nas sucursais da miga, na ardentía  
que vai merando o pan que non traspasa.

Toda terapia aquí fende e abrasa  
cada eiva que aguza e reenvía  
a outra máis ruín e posta ao día  
no arredar da bola que fracasa.

Logo, ¿como será o enornado  
que declare esa fenda irreversible?  
¿E como o levedar turbio e terrible  
de ir trocar o ceo polo faiado?  
¿E quen, con que dicir dará cortado  
as rebandas da bola impredecible?

## 28.- A BOLA

Di por que non relar cando es miña  
bola deste mougar estarrecido,  
rebanda que endurece cando aniña  
o dente sanador que teño tido.  
Apodérate axiña desta fame,  
afástame o farelo presentido,  
ergue a man coma un Deus, bendice e dáme  
a tenrura da miga na que curo,  
sen compango, nin viño, nin friame  
cando te vento, bola, e é seguro  
o teu pan decidido a dar a gloria.  
Non sexas só balor neste mesturo  
nin cea derradeira, perentoria,  
nin onomatopea dun disparo  
esmigallado e seco na memoria.  
Escorrenta o ferún do desamparo  
na eucarística teima e transparencia  
onde eras relón dalgún reparo.  
Teu miolo perdido na carencia  
é o balor que voa e me posúe  
con carraxe de codia e de conciencia  
na espera que aborrezco e me constrúe,  
e faise enfeluxado calafrío  
igual que o sangue que acontece e flúe

como a fame gañado o desvarío  
e o coitelo inútil e obstinado,  
aleve nalgún ferro cortafrío  
que renuncia a furar no supurado  
lévedo de amasar a recaída.  
Ocuparei a codia como invado  
a sombra dispoñible, pel vencida  
para aspirar ao óso inexistente  
da túa masa mimética e ferida,  
no nunca certo, no máis persistente  
océano de ilesas ignorancias  
onde te agochas canda tanta xente.  
Bentónica, abisal, nas túas estancias  
pertéceme o profundo da tristeza,  
o suplico esquecido das instancias,  
a ruína precoz da fortaleza  
derrubada de sal onde queimarme  
e desmontar o alento peza a peza.  
Mais agora aspiro a non quedarme  
e adopto outros bocados sen fartura  
na desleixada mesa onde atoparme.  
Di por qué o teu rillar non terá cura,  
nin renuncia a túa miga anque intoxiciques.  
Non renego da última tenrura,  
ti es bola e mais miña, non supliques,  
sabes que en codia e miga volvo ao rego  
por máis que fuxas ou te dosifiques,

non te fagas maldita se me entrego  
cobizando as pancadas da túa sorte.  
Sábeste farturenta, non o nego,  
aniña ese pingar do meu torresmo,  
condénate a fartar sen outro norte,  
ou ocupa o meu mundo que é o mesmo  
que entregarme á fartura contra a morte.

\* \* \*